

17ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Asunto: convocatoria da 17ª sesión do Consello de Avaliación Documental de Galicia

Data: 19 de marzo de 2024

Lugar: mixta: presencial e a través de videoconferencia

Hora: 12:00 horas

Hora de remate: 12:30 horas

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Cultura. Presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa. Vicepresidente [Telemática]
3. Mª Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos. Secretaria
4. Mª del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos. Vogal
5. Mª del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia. Vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia. Vogal [Telemática]
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de sección do Arquivo territorial de Pontevedra, vogal.
8. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo. Vogal [Telemática]
9. José Luis Castro Carpintero. Arquivoiro do Arquivo da Deputación de Pontevedra [Telemática].
10. Susana Díaz García, arquivista do Arquivo Municipal de Foz, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Vogal [Telemática]
11. Desirée Domínguez Pallas, Directora do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela. En representación do Consello Galego de Universidades. Vogal suplente. [Telemática].
12. Mª Aránzazu Portabales Santomé, subdirectora xeral de Fiscalización e Control Intern, vogal [Telemática]





Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

2. Informar sobre propostas de avaliación de series documentais

Arquivo de Galicia

- Expedientes de revisión da autorización ambiental integrada. (Cód. AA5260)
- Expedientes de autorización ambiental integrada (Cód. AA215)
- Expedientes de seguimento da autorización ambiental integrada (AA5259)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG.

Deputación Provincial de Pontevedra

- Expedientes de contratación de obras (Cód. AA193). [S0267]. Proposta de eliminación das ofertas ou proposicións presentadas polas empresas candidatas e licitadoras que non resultaron adxudicatarias dos contratos.

Táboa T0093 DOG do 20 de xuño de 2023

Datas extremas: 1955-2015

Volume a eliminar: 356 unidades de instalación + 150 atados

- Expedientes de contratación de subministracións (AL195). [S0282]. Proposta de eliminación das ofertas ou proposicións presentadas polas empresas candidatas e licitadoras que non resultaron adxudicatarias dos contratos.

Táboa T0095 DOG do 20 de xuño de 2023

Datas extremas: 1955-2015

Volume a eliminar: 219 unidades de instalación + 55 atados

Consellería de Sanidade. Xefatura Territorial de Ourense

- Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias

Táboa T0077 DOG do 11 de maio de 2022

Data extremas: 1995-2016

Volume a eliminar: 63 unidades de instalación

- Rexistro de control horario dos empregados públicos

Táboa T0076 DOG do 11 de maio de 2022

Datas extremas: 1995-2016

Volume a eliminar: 72 unidades de instalación

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio





Táboa T0032 DOG do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2005-2017

Volume a eliminar: 184 unidades de instalación

- Expedientes de axudas e subvencións para o pagamento de prezos públicos

Táboa T0111 DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1994-2015

Volume a eliminar: 264 unidades de instalación

- Expedientes de retribucións do persoal

Táboa T0109 DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1972-1988

Volume a eliminar: 278 unidades de instalación

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Goberno Vasco

Táboa T0112 DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1999-2015

Volume a eliminar: 8 unidades de instalación

- Expedientes de subvención de prezos públicos no Terceiro Ciclo

Táboa T0110 DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 1994-2006

Volume a eliminar: 14 unidades de instalación

- Expedientes de prazas de aloxamento en residencias universitarias públicas

Táboa T0059 DOG do 1 de xuño de 2021

Datas extremas: 2016-2017

Volume a eliminar: 20 unidades de instalación

- Expedientes de bolsas de colaboración do Ministerio

Táboa T0113 DOG do 22 de agosto de 2023

Datas extremas: 2003-2015

Volume a eliminar: 40 unidades de instalación

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento

Táboa T0030 DOG do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 2008-2019

Volume a eliminar: 508 unidades de instalación

Consellería de Economía, Industria e Innovación

- Expedientes contables de gasto





Táboa T0101 DOG do 28 de febreiro de 2023

Datas extremas: 2006-2015

Volume a eliminar: 471 unidades de instalación.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. Dirección Xeral de Xustiza.

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta. (AA5063).
Documentos custodiados no Arquivo Territorial de Pontevedra
Táboa T0047 DOG do 25 de febreiro de 2021
Dadas extremas: 2010-2013
Volume a eliminar: 361 unidades de instalación

Consellería de Medio Rural. Xefatura Territorial de Pontevedra.

- Documentos de identificación bovina
Documentos custodiados no Arquivo Territorial de Pontevedra
Táboa T0043, DOG do 6 de marzo de 2020
Dadas extremas: 2020-2020
Volume a eliminar: 84 unidades de instalación

Instituto Galego do Consumo e da Competencia. IGCC

- Expedientes de reclamacións en materia de consumo
Documentos custodiados no Arquivo Territorial de Pontevedra
Táboa T0061, DOG do 21 de xuño de 2021
Dadas extremas: 2006-2008
Volume a eliminar: 268 unidades de instalación

Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dirección Xeral de Relacións Laborais.

- Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral
Documentos custodiados no Arquivo Territorial de Pontevedra
Táboa T0086, DOG do 26 de xaneiro de 2023
Dadas extremas: 1998-2013
Volume a eliminar: 571 unidades de instalación

Arquivo de Galicia

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta





Táboa T0047, DOG do 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2010-2012

Volume a eliminar: 183 unidades de instalación

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

- Guías de orixe e sanidade pecuaria

Táboa T0078, DOG do 11 de maio de 2022

Datas extremas: 1995-2007

Volume a eliminar: 94 unidades de instalación

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Abre a sesión o director xeral de Cultura que saúda aos asistentes e presenta para a súa deliberación os puntos establecidos na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Queda aprobada a acta da sesión anterior.

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais

O director xeral de Cultura da a palabra a Mar García que presenta tres estudos de serie elaborados polo Arquivo de Galicia relacionados coas autorizacións ambientais integradas.

A autorización ambiental integrada (AAI) é unha figura de intervención ambiental creada para a protección do medio no seu conxunto e na que se integran as diferentes autorizacións ambientais contidas na lexislación sectorial co fin de facilitar unha formulación integrada á prevención e ao control das emisións á atmosfera, á auga e ao chan, á xestión de residuos, á eficiencia enerxética e á prevención de accidentes.

- Expedientes de revisión da autorización ambiental integrada. (Cód. AA5260): Son expedientes iniciados de oficio polo órgano ambiental para adecuar o funcionamento das instalacións que xa contan con autorización ambiental integrada ás melloras técnicas dispoñibles e cos niveis de emisión a elas asociadas que se establecen periodicamente a nivel europeo.
- Expedientes de autorización ambiental integrada (Cód. AA215): son expedientes de intervención ambiental previa para a prevención e control da contaminación de determinadas instalacións e actividades produtivas que se someten a condicións específicas aos seus efectos da protección do medio e da saúde das persoas, integrando todas as autorizacións contidas nas lexislacións sectoriais.
- Expedientes de seguimento da autorización ambiental integrada (AA5259): notificación periódica presentada polo titular da instalación coa información prevista dentro do plan de vixilancia e seguimento ambiental para o control e





prevención da contaminación, de acordo co establecido na autorización ambiental integrada.

Non hai comentarios. Quedan aprobadas as tres propostas.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

O director xeral de Cultura da conta da relación de propostas de eliminación e resume os datos que xa figuran na orde do día. O número total de unidades de instalación propostas para eliminar é de 4.263, o que fai un total de 490 metros lineais de documentos.

4. Rolda de intervencións

Alfonso Cascudo comenta que desde o Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra coordináronse varias propostas de eliminación de series documentais que incluíron a todas as Delegacións Territoriais da Xunta, e agora algunhas direccións xerais pregúntalle por que só se fan propostas de eliminación da Delegación territorial de Pontevedra.

Por outra banda, tamén informa de que algunha dirección xeral, como titular dos documentos, descoñece a posibilidade de que desde os arquivos territoriais, como responsables dos documentos transferidos, pódense dirixir ao Consello de Avaliación Documental de Galicia, a través das súas xefaturas territoriais, propostas de eliminación da documentación que custodian, segundo se establece no art. 18 Decreto 15/2016, sempre que se conte con táboas de avaliación aprobadas.

O Pleno do Consello, a través do seu Presidente, dáse por informado de ámbalas dúas cuestións

ACORDOS

1. Aprobar a acta da sesión anterior
2. Aprobar as propostas de avaliación de series documentais presentadas polo Arquivo de Galicia.
3. Aprobar as propostas de eliminación de documentos presentados.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 12:30 horas

Santiago de Compostela,

A secretaria suplente

María Josefa Piñón López

Vº e praxe

O presidente

Anxo M. Lorenzo Suárez

